

Lugo, 1 de setembro de 2021.- O Secretario Xeral Adxunto, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 2588

## CONCELLOS

### GUITIRIZ

#### *Anuncio*

**Convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar. Expte nº 778/2021.**

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/08/2021 aprobáronse as bases e convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar para o Concello de Guitiriz.

O prazo de presentación de instancias será de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP de Lugo.

As bases da convocatoria estarán a disposición dos interesados na páxina web municipal ([www.concellodeguitiriz.com](http://www.concellodeguitiriz.com)), na sede electrónica municipal (<http://guitiriz.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios (planta baixa da Casa Consistorial do Concello de Guitiriz, sita na rúa do Concello nº4, 27300 de Guitiriz). Guitiriz, 1 de setembro de 2021.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 2589

## TRABADA

#### *Anuncio*

**ASUNTO: Aprobación das bases que rexerán a convocatoria para a selección como funcionario interino dun arquitecto técnico para o Concello de Trabada.**

Logo de aprobar por Resolución de Alcaldía número 304/2021 de data 1 de setembro de 2021, as bases e a convocatoria para a contratación, en réxime de funcionario interino, dun Arquitecto Técnico para o Concello de Trabada, mediante o sistema de concurso- oposición, ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases están publicadas de maneira íntegra na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Trabada, sito na Casa Consistorial.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica do Concello de Trabada (<https://trabada.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de anuncios do Concello de Trabada, sito na Casa Consistorial.

Trabada, 1 de setembro de 2021.- A alcaldesa, Mayra García Bermúdez.

R. 2591

## VILALBA

#### *Anuncio*

Convocatoria para a adxudicación das autorizacións administrativas de ocupación e explotación de espazos de dominio público municipal durante a celebración do Festival de Música Independente de Vilalba FIV 2021

Por Resolución da alcaldesa de Vilalba número 528 de 3 de setembro de 2021, son aprobadas as Bases que rexen a convocatoria pública para as concesións demanais dos espazos de dominio público para instalacións de venda de comidas e bebidas durante a celebración do FIV 2021.

Documentación e información facilitada polo Concello de Vilalba: a partir do día seguinte de publicación no BOP de Lugo do presente anuncio, os interesados terán á súa disposición as Bases que rexen a convocatoria.

Lugar e forma de obtención de información da documentación: no taboleiro de anuncios do Concello de Vilalba e na sede electrónica do Concello de Vilalba (<https://vilalba.sedelectronica.es>)

Presentación de proposicións: no Rexistro Xeral de do Concello de Vilalba ou ou sede electrónica, ou por correo postal nas Oficinas de Correos

Prazo de presentación de proposicións: 5 días hábiles dende a publicación do presente anuncio